

Raquel Arias abre a XXXVIII edición do Belén de Begonte cun pregón no que defendeu a puxanza do rural

O Nadal comezou oficialmente o pasado 5 de decembro na Terra Chá. Un dos eventos que dan a saída a este tempo na comarca, o afamado Belén de Begonte, inaugurouse ese día cun acto que tivo como pregoeira oficial á delegada territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Raquel Arias Rodríguez.

A representante do Executivo galego, que estivo acompañada polos concelleiros begontinos e o seu alcalde, José Antonio Vázquez García, rexeedores da comarca da Terra Chá, e o presidente de honra do belén electrónico, José Luis Hernangómez Sastre, defendeu a puxanza do rural, do popular, “dentro dun marco global” e no que o pulo “da modernización posúe un importante papel”.

Arias referiuse tamén a esta XXXVIII edición Belén de Begonte como “miraxe tecnolóxico que da vida ao inanimado”. “A zona rural galega ten que dicir neste mundo, e a min paréceme que o voso belén e todo o que hai arredor del é un gran exemplo vital para todos nós”, expresou.

A pregoeira agradeceu a honra de ser designada para abrir o prestixioso Nadal en Begonte, tarefa que afrontaba con ilusión e entusiasmo e lembrou as persoas que antes que ela desempeñaron este papel: “Bispos e arcebispos, e un que agora é cardeal da Igrexa; aquí falaron con-

selleiros da Xunta de Galicia, e o seu presidente. E Presidentes do Parlamento e da Deputación. Aquí falaron escritores, maxistrados, docentes, pensadores, académicos ou xornalistas”, destacou, antes de ter unha mención especial para as dúas únicas mulleres que a antecederon neste papel: Flora Veiga, en 1973 e Manuela López Besteiro en 1996.

Raquel Arias considerou o nadal como “o mellor tempo do ano, no que a familia se evidencia máis unida, onde os maiores nos facemos máis nenos, onde os nenos notan máis a presencia dos maiores arredor deles” e fixo fincapé no papel da familia para “formar seres humanos fortes, nobles e felices”.

Así mesmo, a delegada territorial subliñou que Begonte, ó que xa se chama “Begonte do Belén” sexa lugar de peregrinación, “un magnífico fito no Camiño do Norte para coller forzas e dirixirnos a Compostela, precisamente agora que estamos ás portas do Xacobeo 2010”.

Para rematar, Arias indicou que xa “en Begonte, os anos cóntanse por nadais” e van xa 37, hai que desexar para os begontinos “outros 37 nadais, ou 370, ou 3.700... como un desexo de permanencia ata o infinito, na seguridade de que un Belén coma este é imprescindible” para Begonte e para todos os que a esta localidade acoden.

A importancia a nivel social foi destacada tamén por un dos seus organizadores, o párroco da vila chairega, Jesús Domínguez, que considerou necesario que “existan eventos coma este para que se promovan valores humanos, relixiosos e familiares, que contribúan a facer un mundo mellor e mais habitable”.

Pola súa banda, outro dos artífices do Belén, o vicepresidente do Centro Cultural José Domínguez Guizán, Xulio Xiz, dixo que un dos obxectivos era “facer patria de Begonte e do ‘belenismo’”, algo que facían desde “hai 38 anos”.

O acto tamén acoileu un recital de panxoliñas a cargo da Coral de Lugo e da Asociación Xungalu, dirixida por Fernando Gómez Jácome.

Os horarios de visita do Belén, en días laborables, é de 15 a 19 horas polas tardes, xa que pola mañá estará dedicada aos colexios. Desde a organización fixose fincapé da importancia de avisar previamente no teléfono 982 396 121, para non ten que esperar. Na fin de semana o Belén estará aberto de 11 a 13 horas e de 15 a 19. Os grupos de entrada serán dunhas 100 persoas cada cuarto de hora.

Certames

Outra das actividades



O Belén de Begonte chega este ano á súa XXXVIII edición

ligadas ao Belén de Begonte son os tradicionais certames de Xornalismo, Poesía, Debuxo Infantil e Arte.

Aqueles que queiran concursar no premio de Xornalismo terán ata o 6 de xaneiro para presentar os seus traballos. Non hai extensión máxima, pero deben entregar 3 copias dos periódicos onde foron publicados. Igual data de entrega é a do concurso de poesía.

Para o apartado de Arte, non hai estilos predefinidos nin disciplinas limitadas, poden concursar obras de pintura, escultura, videocreacións, etc. O requisito é entregarlos antes do día de noiteboa, ao igual que os

de debuxo infantil.

Exposición “Imaxes do Nadal”

Este ano, ademais, o Belén de Begonte terá asociadas unha serie de actividades, como serán o Concierto de Nadal do Orfeón Lucense o día 20 ás 18.00 horas, con Pilocha, Mini e Mero, A Quenlla e Noemí Mazoy, e a exposición “Imaxes do Nadal”.

Esta mostra presenta a obra de 10 fotógrafos lucenses, que amosarán a súa particular visión sobre o Nadal. Con esta exposición preténdese difundir a imaxe de Begonte nun tempo tan especial como no que imos a entrar.